UNHA OLLADA NA ARTE

CADRO RESUMO DO PROXECTO	**INICIO**	A aula de Educación Infantil de 5 anos recibe inesperadamente unha pista. Esta aparece pegada no encerado da clase despois dun período de recreo, iniciándose, un motivador xogo de pistas e adiviñas polo colexio.
	QUE SABEMOS	Empregamos os faladoiros para expresar as nosas inquedanzas, descubrimentos e preguntas ao respecto. Entrementras colocamos nun recanto da aula todas as láminas que fomos atopando en clases anteriores.
	QUE QUEREMOS SABER/FACER	Estamos de acordo e motivados para en empezar a nosa investigación. Cantas preguntas temos: quen nos enviou estas pistas? Que son todas estas imaxes? Por que nolas envía? De que traballa?...
	ONDE/ COMO NOS INFORMAMOS	Mencionan entre todos algunas fontes como preguntar na casa, buscar na internet, na biblioteca, os compañeiros do cole, outros mestres..... Deste xeito a aula comeza a encherse de material bibliográfico, contos, láminas, xogos alusivos a figura do pintor.
	ELABORACIÓN	Pouco a pouco, nas asembleas, van presentando os seus descubrimentos e vamos dando resposta as cuestión expostas inicialmente. Entre outras fixemos as seguintes actividades: reprodución de láminas empregando diferentes técnicas (acuarela, collaxe, area, pinturas....), xogamos a imitar corporalmente as pinturas, elaboramos un libro resumo do proxecto, pintamos como o autor grazas a diferentes aplicacións informáticas, creamos un conto colectivo, memorys.....
	QUE APRENDEMOS	Revisan todo o que fixeron axudándose do libro resumo, do recanto creado na aula e de todas as imaxes que creamos e están expostas na aula. Rematan o proxecto valorando e comentando todo o que aprenderon.